

María Xesús Nogueira Pereira

O imaxinario na literatura galega actual

Contar a totalidade humana que el, pola súa parte, ten a obriga de alimentar con novas miradas. E si hai algo que estea claro nesta dieta, é que o home precisa en primeiro lugar, coma quen bebe auga, beber soños.

ÁLVARO CUNQUEIRO

No proceso de recuperación da literatura galega iniciado por volta dos anos cincuenta do pasado século, o escritor cuxa vila nos acolle hoxe, Álvaro Cunqueiro, que bebeu abondo das fontes da literatura popular e navegou ademais por afastados universos de ficción, defendeu os camiños trazados pola imaxinación e lembrou que o ser humano precisaba alimentarse de soños. Naquela altura, a literatura galega estíbese a debater entre imaxinarios autóctonos e estranxeiros, nun esforzo por restaurar e modernizar o seu discurso.

Falamos do imaxinario da literatura galega actual supón referirnos ás importantes transformacións que tiveron lugar no sistema literario a raíz da fin da ditadura, encamiñadas tanto á actualización como á normalización das prácticas literarias.

Cómpre puntualizar que por imaxinario entendo a imaxe que unha cultura particular vai formando da realidade e que se ve reflectida nos seus códigos artísticos. Fago meu o concepto empregado por Aguirre Baztán nos seus estudos sobre a construción do imaxinario nacional, nos que precisa que "lo imaginario es la 'imagen' que un grupo o comunidad proyecta de su identidad"(1).

A outra aclaración que creo necesario facer ten que ver coa amplitude do tema, que me obriga a levar a cabo un labor de síntese que deixará fóra nomes e obras de relevancia. Na miña intervención limitareime a identificar os elementos que integran o imaxinario da literatura que se escribe hoxe en día e a achegar algúns exemplos. Deben tomarse estes como ilustracións e non como listaxes elaboradas con afán de exhaustividade. Para outro lugar, se houber, quedará un estudo máis profundo que, sen dúbida, a cuestión merece.

O imaxinario da literatura galega actual, isto é, da que se vén facendo desde a década dos oitenta (data aproximativa que funciona como baliza na periodización das nosas letras) obedece a dúas forzas contrarias que actuaron en diferentes momentos da historia. Trátase dunha forza centrípeta, autóctona, impulsora de imaxinarios propios e outra centrífuga, renovadora, que apostou pola modernización mediante a incorporación de imaxinarios alleos. Ambas as dúas foron identificadas polos estudosos da literatura galega recente.

Tendo en conta esta tensión entre o propio e o alleo, que deixa interesantes territorios fronteirizos, é posíbel identificar a presenza dun imaxinario autóctono que sofre importantes procesos de transformación e actualización e que convive con outro, de incorporación recente e referentes esóxenos, relacionado co mundo urbano, a globalización e as novas tecnoloxías. Este esquema bipolar vertebrará no que segue a miña exposición.

1. Pervivencia e actualización do imaxinario autóctono

Unha boa parte do imaxinario herdado da tradición literaria, tanto oral coma escrita, segue presente na literatura de hoxe. Porén, nestas manifestacións, o imaxinario autóctono coñece novas formulacións logradas mediante procedementos diferentes que van do ensanchamento á reinterpretación e dos que me ocuparei a seguir.

1.1. A cultura popular

A cultura popular de tradición oral, da que se nutriu a nosa literatura nos seus inicios, segue aparecendo, con maior ou menor intensidade, nas novas manifestacións. Nalgúns casos trátase dun pano de fondo. Noutros acada unha maior centralidade. Así acontece, por citarmos un exemplo, en *Confusión e morte de María Balteira* (1996), libro de relatos de Marica Campo habitado por meigas, fadas, trasgos e cabaleiros, alén de soldadeiras e trovadores. Na obra

atopamos mesmo unha reivindicación do patrimonio oral, mediante a figura da contadora de contos, expresión na que o xénero resulta relevante.

A tradición oral ocupa tamén un importante lugar na obra de Manuel Rivas. No exemplo reproducido a continuación, pertencente á súa obra poética, observamos unha actitude igualmente lexitimadora. Repárese neste caso na presenza do cronotopo da lareira, espazo de reunión, encontro e intercambio de historias:

A carón do lume, na lareira de Calo. A lapa da noite lambe a cortiza dos recordos. Mouzo, de súpeto, cantaruxa:

a) Vouche dicir unha cousa / que me chega ao máis profundo / o día que ti morras / marchou a peste do mundo.

b) Vouche dicir unha cousa / que son un home de ben / o día en que ti morras / habémolo pasar moi ben.

Se a xente soubera regueifar, non habería guerras. Rímonos con tristura de milicianos que aquecen as mans na lúa da neve.

Manuel Rivas, *Costa da Morte blues* (1995)

Outras veces o imaxinario popular incorpórase mediante relacións textuais máis complexas, non exentas nalgún caso de humor e ironía:

A que coñece os nomes, a que dispón o mundo: marica vai á fonte,

a miña lingua nativa é a normativa oficial,
maruxiña, refaixo, bicos de parafuso,
ximnasia e relixión.

maruxiña, dáme un bico
que che hei dar un pataco.
Non quero bicos dos homes
que me cheiran a tabaco)

María do Cebreiro, *O estadio do espello* (1998)

1.2. O mundo rural

A aldea e o mundo labrego conformaron un dos principais imaxinarios da identidade galega que se viu reflectido nas manifestacións literarias. Un exemplo revelador das fortes connotacións identitarias destes espazos é o extraordinario éxito acadado pola novela *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas. Coas vivencias do seu protagonista identificouse un amplo sector do lectorado galego.

O mundo rural determina as coordenadas espazo-temporais e mesmo o tema de novelas como *Finísimo pó nas ás* (1997), de Xerardo Quintiá, *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira, ou *Eu tamén fun coas vacas* (2000), de Afonso Eiré. As representacións de espazos rurais están tamén moi presentes na poesía. Sirvan como exemplo *As chairas da terra* (1998) e *Pois* (1998), de Emilio Araújo ou *Nós nus* (1996), de Olga Novo.

Por outra banda, algunhas voces femininas (como é sabido, a escritura de xénero maioritariamente feminino é un dos fenómenos máis relevantes da literatura actual) ofreceron visións críticas e desidealizadoras que se afastan do topos da infancia idílica. Nesta clave deben lerse numerosos textos de Isolda Santiago, Helena de Carlos ou Lupe Gómez, a quen pertence a seguinte sentenza poética:

A miña infancia
na miña aldea
foi un parto
que me rompeu a cabeza.

Lupe Gómez, Pornografía (1995)

Os movementos migratorios cara ás vilas e cidades e o xurdimento de poboacións multiculturais supuxo unha ameaza para os imaxinarios rurais, as máis das veces fortemente idealizados nas manifestacións artísticas. Os cambios sufridos polo mundo rural no seu xeito de vida deron lugar a unha ampliación do imaxinario que incorporou escenarios híbridos nos que a aldea se ve transformada por novas formas urbanas na arquitectura, os modos de produción e os hábitos cotiáns. Este imaxinario renovado está presente en numerosas obras, entre as que cabe citar Os comedores de patacas (1991), de Manuel Rivas, Fridom Spik (1995), de Santiago Jaureguizar, Calzados Lola (1997) e Non volvas (2000), de Suso de Toro, Casa Skylab (2003), de Santiago Jaureguizar ou Ser ou non (2003), de Xurxo Borrazás. A antena parabólica que loce sobre o cabazo constitúe un exemplo significativo do que estou a comentar:

¡vaia invento o da parabólica! ¡Moi pero que moi ben inventado, si señor! Trúxoas o fillo, que traballa en Barcelona nun xornal e gana máis ca un mestre. Colocámola sobre o cabazo. Disque colle mellor o sinal.

Santiago Jaureguizar, Fridom Spik (1995)

1.3. A paisaxe

A paisaxe, fundamentalmente a mariña e a rural, foi ao longo dos anos un elemento principal do imaxinario galego. Tal centralidade quedou plasmada nuns versos irónicos e un tanto irreverentes do extinto Colectivo Ronseltz, que, na súa particular revisión da cultura galega, proclamaba:

Todo na miña terra é paisaxe
menos traxe,
paxe
e garaxe.

Ronseltz, Universo de cenouras que cabalgas aos sábados (1994)

Á beira da incorporación dunha paisaxe urbana e da apropiación de paisaxes alleas máis ou menos próximas desde o punto de vista sentimental, aspectos sobre os que volverei máis adiante, cómpre sinalar un interesante procedemento de actualización do imaxinario xurdido na literatura galega recente, que ten a súa base na sensibilidade ecoloxista. Trátase da denuncia da paisaxe sometida a agresións que se pode ler en versos coma os que seguen:

De nena
axexaba mareas desde a fiestra.
Hoxe plantaron eucaliptos.

Antía Otero, O son da xordeira (2003),

Os aeroxeneradores deitan sombra
xigante nas abas
do meu corpo cordal.

Mariña Pérez Rei, Fanerógama (2006),

na descrición apocalíptica dun incendio forestal relatada por Marilar Aleixandre en Teoría do caos (2001), ou na literatura xurdida a raíz da catástrofe ocasionada polo afundimento do Prestige (2002), que deu lugar a un verdadeiro ciclo integrado por poemarios colectivos (Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra, Sempre mar. Cultura contra a burla negra. 2003) e obras narrativas (O corvo do chapapote (2003), de Luis Rei Núñez e Veu visitarme o mar (2004), de Rosa Aneiros).

1. 4. Os mitos herdados

A literatura galega incorporou en determinados momentos da súa historia, moi vinculados ao desenvolvemento dos discursos galeguistas, mitos como o celtismo ou a materia da Bretaña. Ambos os dous serviron de base para pezas fundamentais das letras galegas modernas, como é o caso da utopía pondaliana ou das reescrituras artúricas levadas a cabo por Ramón Cabanillas (Na noite estrelecida, 1926), Álvaro Cunqueiro (Merlín e familia, 1955) e Xosé Luis Méndez Ferrín (Percival e outras historias, 1958; Amor de Artur, 1982). Estes camiños seguen a ser transitados hoxe en día por autores como Darío Xohán Cabana (Galván en Saor, 1989, alén doutras moitas páxinas da súa narrativa), Ramón Loureiro (As galeras de Normandía, 2005) e outras voces que incorporan á súa obra (narrativa, poética ou teatral) referencias varias a este imaxinario.

Ao mundo medieval pertence tamén o imaxinario do mundo trobadoresco que foi creado polo neotrobadorismo (corrente poética que, como é sabido, pretendía actualizar os modelos da cantiga) e que segue estando presente na literatura de hoxe, plasmado non só no emprego de esquemas paralelísticos, senón tamén na utilización de motivos e léxico da cantiga de amigo. Sirva como exemplo a imaxe do cervo nos seguintes textos: "Cantiga do cervo solitario" (Claudio Rodríguez Fer, Poemas de amor sen morte, 1979), "Pero Meogo no verde prado" (Álvaro Cunqueiro, Herba aquí e acolá, 1980), "Un verso como un cervo" (Antón Tovar, Calados esconxuros, 1980), "Misteriosos homes que foxen" (Xosé María Álvarez Cáccamo, Praia das furnas, 1983), "A sombra da cervo" (Román Raña, Nas areias doutro mar, 1984), ou, desde a poesía feminina, "Un canado de leite" (Olga Novo, Nós nus, 1997).

Do imaxinario herdado, non só da literatura galega senón tamén da universal, proceden outros elementos de raíz igualmente mitolóxica que foron sometidos polas poetas actuais a un proceso de reescritura desde unha perspectiva de xénero. O caso máis salientábel é o do personaxe de Penélope, que xa fora empregado por Rosalía de Castro ("Tecín soia a miña tea", Follas novas, 1880) ou, desde unha óptica galeguista, por Xosé María Díaz Castro ("Penélope", Nimbos, 1961) e que agora é interpretado por autoras como Xohana Torres (no seu verso célebre "Eu tamén navegar!"), Ana Romani, Chus Pato, Marta Dacosta, Emma Pedreira, etc(4).

O exercicio de escritura esténdese a outros mitos que son igualmente liberados da perspectiva patriarcal desde a que foron transmitidos. Nesta clave deben lerse obras como As amantes de Hamlet (2003), de Marta Dacosta, ou as pezas teatrais Antígona, a forza do sangue (1989), de María Xosé Queizán e Medea en Corinto (2003), de Luz Pozo Garza.

1.6. A historia

Os feitos históricos teñen unha importante presenza no imaxinario e resultan fundamentais para sentar as bases identitarias. Isto semella explicar a fortuna que nas últimas décadas tivo unha narrativa centrada en períodos clave da historia de Galicia, como foi a Época Medieval e, máis concretamente, os episodios de escisión territorial de Galicia e da súa frustrada consolidación como reino independente. Este imaxinario quedou plasmado en Morte de rei (1996), de Darío Xohán Cabana ou Magog (1997), de María Gándara, e nun dos fíos narrativos de En salvaxe compañía (1993), de Manuel Rivas.

Por outros períodos e personaxes interesáronse Xesús Rábade Paredes, que en Branca de Loboso (1991) se aproximou aos Séculos Escuros; Alfredo Conde, que recreou en Azul cobalto. Historia posible do Marqués de Sargadelos (2001) a biografía deste personaxe; Luis Henrique Cabanela, que titulou a súa obra Confesiões do Mariscal Pardo de Ceta (2001); ou Xabier Iglesias, que se achegou en O soño do falcón (2003) á figura de Pedro Madruga. Os exemplos son, como pode apreciarse, ben numerosos.

A ampliación do imaxinario procedente dos feitos históricos incorpora tamén un acontecemento máis próximo no tempo como é o levantamento militar de 1936 e a conseguinte guerra civil. As primeiras formulacións sobre este motivo (Non agardei por ninguén, 1957, e Era tempo de apandar, 1980) de Ramón de Valenzuela; O silencio redimido, 1976, de Silvio Santiago; O señor afranio ou como me rispei das gadoupas da morte, 1979, de Antón Alonso Ríos), seguiron un importante número de narracións centradas en determinados episodios ou personaxes da

traxedia, entre as que figuran Os mortos daquel verán (1987), de Carlos Casares; O bosque das antas (1988), de X. F. Fernández Naval; A ceo aberto (1981), Agosto do 36 (1991) e Os últimos fuxidos (2004), de Xosé Fernández Ferreiro O lapis do carpinteiro (2002) e Os libros arden mal (2006), de Manuel Rivas; Home sen nome (2006), de Suso de Toro; ou Xullo-Agosto (2006), de Manuel Riveiro Loureiro. A estas cómpre engadir a obra poética Os cadernos da ira (1999), de Xosé María Álvarez Cássamo. A extensa e nómina resulta indicativa da fertilidade deste imaxinario na literatura dos últimos anos.

1.5. Xeografías do imaxinario

Á beira destes universos herdados da tradición e actualizados polos escritores máis recentes cómpre situar aínda unha serie de lugares que forman parte do imaxinario colectivo. Algúns deles gardan relación coa experiencia biográfica, fundamentalmente coa emigración. Estas xeografías, por veces idealizadas, están vinculadas ao espazo referencial de Galicia por fortes lazos:

Na parede, un mapamundi
E colgando o ártico,
de Groenlandia ós mares quentes,
un acio de figuriñas de pan
de San Andrés de Teixido.

Manuel Rivas, Ningún cisne (1989)

Outros escenarios posúen unha dimensión política, dada a similitude xeográfica ou histórica que os relaciona con Galicia. O caso máis evidente é o de Irlanda, no que xa repararan os intelectuais da Xeración Nós, e que segue estando presente en obras como

Poemario Irlandés

(2000), de Adolfo Caamaño ou

As arpas de Iwerddon

, de Luz Pozo Garza.

Un espazo ao que se volveu os ollos nos últimos anos ata incorporalo ao imaxinario foi o veciño Portugal, presente en obras como Eu é (1996), de Xurxo Borrazás, ambientada no século XVII lisboeta;

Resistencia

(2002), de Rosa Aneiros, que recrea os anos da ditadura; ou a recente

Aínda

(2007), de Xavier Franco Alonso.

2. Incorporación de novos imaxinarios

Ademais das transformacións antes comentadas, a renovación do imaxinario da literatura galega produciuse mediante a incorporación de referentes de procedencia esóxena, inexistentes ou escasamente tratados no noso corpus.

2.1. O mundo urbano

As particularidades demográficas de Galicia, así como a configuración da aldea como espazo identitario por excelencia, fixeron que as representacións do mundo urbano tivesen unha menor presenza no conxunto da literatura.

A produción dos últimos anos explorou estes espazos e incorporounos ao seu imaxinario. En moitos dos casos, máis que referentes urbanos, os escritores e escritoras plasmaron espazos fronteirizos, híbridos ou en proceso de transformación aos que xa me referín con anterioridade.

Outras veces recrearon escenarios citadinos, tanto do pasado (a Compostela dos anos cincuenta d'

O ventre do silencio

(1999), de Xosé Luis Méndez Ferrín, ou a Coruña do levantamento militar d'

Os libros arden mal

(2006), de Manuel Rivas), coma do presente. En escenarios urbanos ambientouse tamén un dos xéneros resultantes do proceso de diversificación producido neste período, a novela negra e policial. Os exemplos son moi numerosos:

Crime en Compostela

(1984), de Carlos G. Reigosa;

Seis cordas e un corazón

(1991), de Xelís de Toro;

Miss Ourense

(1994), de Bieito Iglesias; ou

A compañía galega de contrapublicidade

(1998), de Marilar Aleixandre.

Escenarios e formas de vida urbanas están tamén presentes en obras máis recentes, como

A velocidade do frío

(1996), de Manuel Seixas;

Comendo espaguetis diante da televisión

(1998) ou

Tres segundos de memoria

(2006), de Diego Ameixeiras. O non foi alleo a este imaxinario e, en ocasións, incorporouno desde unha actitude crítica ao retratar o proletariado vigués en

Tortillas para os obreiros

(1996), de Fran Alonso; o derrube do popular barrio coruñés do Papagaio en

Papagaio

(2006), de Luísa Villalta; ou o consumismo e o sexismo da sociedade en

Moda galega

(2002), de María Reimóndez.

2.2. O cosmopolitismo e a globalización

De maneira parella ás transformacións que coñece a sociedade, e apremiada polo afán de modernización, a literatura galega incorporou un imaxinario cosmopolita derivado da realidade multicultural e da globalización. Estes referentes, que xa chamaran a atención de moitos

poetas dos oitenta

no seu esforzo de actualización do xénero lírico, conducen o lector a escenarios afastados como os que aparecen na narrativa de Xavier Queipo, Lois Diéguez (pensemos na recente

O canto do Muecín

, 2007). Un caso singular pola súa frecuencia en varias novelas escritas nos últimos anos é o de Nova York, escenario de

O home inédito

(2005), de Carlos G. Meixide,

Ratas en Manhattan

(2007), de Francisco Álvarez e

New York

(2007), de Inma López Silva.

2.3. As novas tecnoloxías

Entre os imaxinarios incorporados pola literatura última cómpre aínda mencionar aquel que provén do mundo das novas tecnoloxías. Trátase dunha imaxinería da (pos)modernidade que achega novos aparellos cotiáns, novos modos de produción e novos hábitos. A Internet, símbolo deste universo de novas e prometedoras formas de comunicación, incorporouse tamén ao imaxinario colectivo e acadou mesmo centralidade na novela

Spam

(2006), de Francisco Castro.

Mais o universo de Internet exportou tamén as súas formas de escritura, concretamente o

blog

, á narrativa. Así o testemuña a estrutura dalgunhas obras como as mencionadas

Tres segundos de memoria e New York New York

, ou

Anxos de garda

(2003), de Anxos Sumai, exitosa obra cuxa primeira canle de difusión foi precisamente a rede.

Conclusión

Como se puido comprobar na exposición anterior, o imaxinario da literatura actual nítrese de referentes herdados da tradición sobre os que se levou a cabo un labor de actualización mediante procedementos diversos baseados no ensanchamento e na reinterpretación. Alén disto, incorporáronse novos imaxinarios procedentes do mundo da globalización, da

modernidade e das novas tecnoloxías que igualmente intentaron aproximarse á realidade galega e converxer deste xeito, malia o risco e a novidade dalgún deles, con aqueles referentes sentidos como autóctonos.

NOTAS

1. A. Aguirre Baztán, "La construcción del imaginario nacional". En X. M. González Reboredo (ed.),

Etnicidade e nacionalismo

. Santiago: Consello da Cultura Galega, 2001: 135.

2. Un exemplo pode atoparse nos estudos de D. Vilavedra dedicados á narrativa. Vid. D. Vilavedra,

Sobre narrativa galega contemporánea

. Vigo: Galaxia, 2000.

3. É tamén o espazo que aparece reflectido nunha boa parte das obras que foron catalogadas dentro da estética

bravú

.

4. O fenómeno foi estudado pola crítica.

Vid.

para isto H. González,

Elas e o paraugas totalizador

.Vigo: Xerais, 2005 e M. X. Nogueira, "De vangardas e Penélopes. A intertextualidade na poesía dos noventa".

Madrygal

, 9, 2006, pp. 93-102.